
*ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA PARA O
CURSO 2021-2022*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

 **I.E.S. Terra de Soneira**

En aplicación da *Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia* así como das decisións recentes da comisión de coordinación pedagóxica para a concreción dos anteditos cambios normativos á realidade do noso centro, o [Departamento de Xeografía e Historia](#) do IES Terra de Soneira modifica a súa programación didáctica para o presente curso 2021-2022.

1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O capítulo III da Orde do 25 de xaneiro de 2022, referido á Educación Secundaria Obrigatoria, no seu artigo 7 indica novidades para o curso 2021-2022.

En consecuencia co anterior, modifícanse o apartado de **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN DA MATERIA** da Programación didáctica do noso departamento, para todos os cursos da ESO, quedando redactado do seguinte xeito:

En canto a criterios de cualificación:

- O 20% da nota se dedicará á valoración do traballo do alumnado e das tarefas de ampliación, incluído o Plan Lector. Todo quedará reflectido nos rexistros do profesorado, sexa no caderno do profesor ou con copia.
- O 80% da nota será para valorar os exames. En calquera caso, o comportamento desleal na realización dun traballo ou dun exame (copiar, cambiar os folios do exame, recibir información por medios externos, ou calquera método desleal) será puntuado cun 0. Tamén se terá en conta unha correcta expresión e redacción.

Considérase que un alumno acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consegue unha nota mínima dun 5 na avaliación ordinaria. Esta nota obtense do cálculo da media aritmética das tres avaliacións.

En caso de non acadar a avaliación positiva, o profesorado realizará unha proba , **antes da terceira avaliación parcial**, onde o alumno deberá mostrar a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos da materia. De non superala contará a mellor nota posible (a media das avaliacións ou a desta proba).

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación, incluíndo unha proba final (na que haberá que acadar unha nota mínima dun 5 para superar a materia). A cualificación definitiva farase efectiva na avaliación final de curso.

2. BACHARELATO

O capítulo IV da Orde do 25 de xaneiro de 2022, referido a Bacharelato, no seu artigo 13 indica novidades para 1º de Bacharelato.

En consecuencia co anterior, modifícanse o apartado de CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN DA MATERIA da Programación didáctica do noso departamento, para primeiro de Bacharelato, da materia Historia do Mundo Contemporáneo, quedando redactado do seguinte xeito:

En canto a criterios de cualificación:

- O 20% da nota se dedicará á valoración do traballo do alumnado e das tarefas de ampliación, incluído o Plan Lector. Todo quedará reflectido nos rexistros do profesorado, sexa no caderno do profesor ou con copia.
- O 80% da nota será para valorar os exames. En calquera caso, o comportamento desleal na realización dun traballo ou dun exame (copiar, cambiar os folios do exame, recibir información por medios externos, ou calquera método desleal) será puntuado cun 0. Tamén se terá en conta unha correcta expresión e redacción.

Considérase que un alumno acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consigue unha nota mínima dun 5 na avaliación ordinaria. Esta nota obterase do cálculo da media aritmética das tres avaliacións.

En caso de non acadar a avaliación positiva, o profesorado realizará unha proba , **antes da avaliación final do período ordinario**, onde o alumno deberá mostrar a consecución dos estándares de aprendizaxe mínimos da materia. De non superala contará a mellor nota posible (a media das avaliacións ou a desta proba).

O alumnado que non supere a materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

No primeiro curso de bacharelato, o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remata do período lectivo dedicárase á preparación e á realización das probas extraordinarias (na que haberá que acadar unha nota mínima dun 5 para superar a materia), e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.